



INFORME SECRETARÍA

ASUNTO: RECLAMACIÓN AO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL E CADRO DE PERSOAL DO CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DO DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES POR D. JESÚS DE NAZARET ROCHA PASTORIZA.

EXPEDIENTE: 3/2025

En cumprimento do ordenado pola Presidencia e do preceptuado nos artigos 54 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 173 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 3.3.a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, en base aos seguintes:

1. Antecedentes de feito.

1.1.- O orzamento do Consorcio Contraincendios e Salvamento para o exercicio económico 2026 foi aprobado inicialmente na sesión extraordinaria do Pleno do Consorcio celebrado o día 30 de outubro de 2025.

1.2.- Posteriormente, o Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 7 de novembro de 2025, acordou a aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026, que comprende o orzamento deste Consorcio, publicándose dita aprobación inicial no B.O.P de Pontevedra nº 215 de data 10 de novembro do 2025.

Este expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2026, se expuxo ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

1.3.-O resumo do Orzamento de Gastos e de Ingresos deste Consorcio para o ano 2026 é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	1.096.616,94 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	196.888,06 €
Total Operacións correntes	1.293.505,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais	500,00 €



Total Operacións de Capital	500,00 €
TOTAL ORZAMENTO	1.294.005,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	269.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.024.705,00 €
Total Operacións correntes	1.294.005,00 €
TOTAL ORZAMENTO	1.294.005,00 €

1.4.- A Relación de Postos de Traballo e Retribucións é a seguinte:

PARTIDA	Nº	DENOMINACIÓN-CATEGORÍA	SALARIOS
920.13000	1	XERENTE-XEFE	49.521,50
920.13000	1	ENCARGADO DE MANTEMENTO	26.236,56
136.13000	15	BOMBEIRO-CONDUTOR	498.431,89
136.13000	2	BOMBEIRO-CONDUTOR (NOVA CREACIÓN)	
135.13000	1	SARXENTO	41.467,72
TOTAL			615.657,67

1.5.- En prazo, ten entrada no rexistro xeral na sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra instancia xenérica de D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, e presenta reclamación ao expediente de aprobación inicial do orzamento xeral, concretamente ao cadro de persoal do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

Emito o seguinte informe:

2. Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable ven recollida basicamente por:

- Artigo 16 e 21 do Decreto 257/2002, do 30 de xullo, polo que se aproba a modificación dos Estatutos do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes
- Artigo 1, 43, 45 e Disposición adicional terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia.
- Artigo 170º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigo 9.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local



- Artigo 22, 26 e 204 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Artigo 30, 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Reclamación á aprobación inicial do expediente de orzamento e alegacións ao cadro de persoal.

Segundo establece o punto 1 do artigo 170º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán a condición de interesados aos efectos de formulación de alegacións:

- "a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.*
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.*
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios".*

Engadindo o punto 2 que *"Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:*

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto a as necesidades para as que estea previsto."*

4. Análise do recurso presentado.

- D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza presenta no rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra reclamación ao expediente de aprobación inicial do orzamento xeral e alegacións á Relación de Postos de Traballo do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e fundamenta a reclamación na natureza funcional dos postos, á vez que solicita:

"1. Tenga por formuladas en tempo y forma las presentes RECLAMACIONES contra la aprobación inicial del presupuesto del Consorcio Provincial de Pontevedra para la Prestación del Servicio contra Incendios y Salvamento para el ejercicio 2026, y ALEGACIONES contra la aprobación inicial de su Relación de Puestos de Trabajo, al amparo de los artículos 169 y 170



TRLRHL y del artículo 202 de la Ley 2/2015.

2. Modifique la RPT del Consorcio, de forma que las plazas de jefe/a de parque, jefe/a de quenda-conductor y bombero/a-conductor/a, así como cualesquiera otras plazas operativas del Servicio de Extinción de Incendios y Salvamento, se califiquen como puestos de personal funcionario de la subescala de Servicios Especiales (grupos y subgrupos que procedan), adaptando sus complementos retributivos conforme a dicha naturaleza.

3. Adapte el capítulo I del presupuesto 2026 y la plantilla de personal del Consorcio a la citada configuración funcional, suprimiendo la calificación como personal laboral fijo de los puestos operativos del servicio de bomberos."

"Otrosí Digo Tercero: (...)

1. "(...) En el documento «Orzamento de gastos 2026 do Consorcio Deza-Tabeirós-Terra de Montes», el capítulo 1 «Gastos de persoal», por importe total de 1.096.616,94 €, se clasifica íntegramente como «personal laboral» (artículo 13 del estado de gastos), imputándose mayoritariamente al programa 1360 «Servizo de prevención e extinción de incendios», sin previsión alguna de créditos para personal funcionario en dicho servicio.

2. En la Relación de los puestos de trabajo y retribuciones 2025 del Consorcio Deza-Tabeirós-Terra de Montes (ANEXO III), se recogen exclusivamente los siguientes puestos: 1 Xerente-Xefe, 1 Encargado de Mantemento, 17 Bombeiros-Condutores e 1 Sarxento, con indicación de retribuciones, sin que figure ningún puesto identificado como funcional ni se especifique grupo/subgrupo, subescala o sistema de provisión".

3. "Que se incorpore copia íntegra de este escrito al expediente de información pública del «Presupuesto del Consorcio para el servicio contra incendios y salvamento de las comarcas de Deza y Tabeirós-Terra de Montes» y, en su caso, al expediente de aprobación de su cuadro de personal y Relación de Puestos de Trabajo".

4. "Que, si la RPT y los cuadros de personal del citado consorcio no estuvieran efectivamente publicados o accesibles al público en todos sus extremos, se proceda a su inmediata incorporación y publicación, otorgando, en su caso, nuevo plazo completo de información pública para formular alegaciones específicas, a fin de evitar indefensión de los interesados".

5. "Que se dicte resolución diferenciada sobre las presentes reclamaciones en lo que afecta, respectivamente, al Consorcio Provincial de Pontevedra y al Consorcio Deza-Tabeirós-Terra de Montes, notificándomelas en el domicilio electrónico señalado".

Cabe considerar as dúas vertentes, de carácter formal e de fondo.

En canto ao carácter formal, cabe sinalar que o recurso foi interposto en tempo e forma,



conforme aos artigos 30.4, 123.1 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En canto ao fondo, subliña o recorrente o carácter funcional dos postos ofertados. En relación coa mesma cabe formular as seguintes consideracións en base aos propios antecedentes do Consorcio e fundamento legais:

Primeiro. Sobre a natureza xurídica dos postos de traballo obxecto do presente recurso, debemos indicar que, a lexislación básica dos empregados públicos establece unha reserva en exclusiva para os “funcionarios públicos” das “funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas”, concretando e ampliando esta reserva a favor dos funcionarios da Administración local o artigo 92.3 LRBRRL ás funcións públicas que “impliquen exercicio de autoridade, e en xeral, aquelas que en desenvolvemento da presente Lei, se reserven aos funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función”.

No concreto ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 22 LEPG atribúe exclusivamente ao persoal funcionario o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas.

Concretando no punto 2 que: *“En virtude do previsto na alínea anterior, as relacións de postos de traballo reservarán necesariamente ao persoal funcionario:*

- a) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen o exercicio de autoridade, fe pública ou asesoramento legal. En particular, enténdese que implican exercicio de autoridade as funcións de policía administrativa, salvo as excepcións que se poidan establecer por norma con rango de lei.*
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control. En particular, quedan reservados ao persoal funcionario aqueles postos con funcións que impliquen a realización de tarefas de fiscalización interna e control da xestión económico-financeira e orzamentaria.*
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesouraría.*
- d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.*
- e) Os postos que teñan atribuídas competencias para ditar actos de incoación, instrución ou resolución dos procedementos administrativos.*
- f) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.”*



Segundo. A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, que segundo sinala no artigo 1, ten por obxecto regular *“o sistema integrado de protección civil e emerxencias en Galicia, dirixido a adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, a actuar en caso de risco ordinario e a protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e o medio ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou continxencias análogas.”*, no artigo 43.1 establece que o persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia *“estará formado tanto por persoal de carácter **profesional como por voluntarios**. A dirección e coordinación das actividades reguladas na presente lei corresponderá ao persoal profesional.”*, engadindo o punto 2 que *“O persoal profesional é aquel que desempeña a súa actividade mediante vínculo laboral con algún dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias, **con independencia do réxime xurídico de xestión dos mesmos**.”*

Regulando no artigo 45 a relación xurídica dos membros dos grupos operativos, sinalando no punto 2 con respecto do persoal profesional que, *“O persoal profesional será retribuído ou indemnizado polos servizos prestados ao amparo da presente lei en conformidade co que establezan **as normas reguladoras do seu estatuto xurídico**.”*

Terceiro. Pola súa parte o artigo 5 do Decreto 257/2002, do 30 de xullo, polo que se aproba a modificación dos Estatutos do Consorcio para o Servicio contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, establece que *“ Constitúe obxecto do consorcio a prestación, **por calquera das modalidades previstas na lexislación aplicable**, do servizo contra incendios e salvamento”*.

Sinalando o artigo 21 dos Estatutos que, o persoal ao servizo do Consorcio estará integrado por:

“(…)

*b) O persoal de prevención e extinción de incendios e salvamento, **sen prexuízo de que se opte pola prestación do servizo baixo o réxime de xestión indirecta**.*

(…)”

Cuarto. O artigo 43º da Lei 5/2007, do 17 de maio, de Emerxencias de Galicia, recoñece a existencia de persoal de carácter profesional e voluntario. No seu apartado 2 define o primeiro como aquel que desenvolve a súa actividade mediante vínculo laboral con algún dos servizos relacionados coa xestión de riscos e emerxencias, **con independencia do réxime xurídico de xestión destes**.

Segundo se desprende do referido en relación coa natureza xurídica do persoal do Sistema Integrado de Protección Civil e Emerxencias de Galicia:



1. Nin a Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, nin nos Estatutos do Consorcio establecen que estes postos deban ser desempeñados por persoal funcionario, logo de que obviaran atribuír ao persoal de extinción de incendios e salvamento a condición de axentes de autoridade, cuxo exercicio debe ser amparado por unha atribución legal. É dicir, a **Lei 5/2007, do 17 de maio, de Emerxencias de Galicia, non recoñece en ningún dos seus artigos como “axentes da autoridade” ao persoal profesional ou voluntario que conforma o sistema integrado de protección civil.**

Lémbrase que a Lei de Emerxencias de Galicia está hoxe en vigor.

2. Tanto a Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia coma os Estatutos do Consorcio, contemplan como forma de xestión dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias calquera das modalidades das previstas na lexislación vixente, polo que induce a considerar que **non se recoñece a reserva das funcións de autoridade a favor do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias, que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.**

O artigo 4 dos Estatutos recollen como forma de prestación do servizo a xestión indirecta do servizo, aspecto este que xa resulta incompatible coa natureza da condición de autoridade e funcionario que pretende o reclamante.

3. Partindo do feito de que a Lei 5/2007, do 17 de maio, de Emerxencias de Galicia, non recoñece como “axentes da autoridade” ao persoal profesional ou voluntario que conforma o sistema integrado de protección civil, realizouse unha análise comparativa da lexislación desenvolvida por outras Comunidades Autónomas, co fin de identificar se nestas o persoal de extinción de incendios e, especificamente, os bombeiros, son considerados “axentes da autoridade” e, de ser así, en que casos. Nese sentido, comprobouse que hai Comunidades Autónomas que, mediante unha lei autonómica, lle confiren a condición de axente da autoridade ao persoal dos servizos contraincendios e salvamento; e, pola contra, hai outras comunidades autónomas que, do mesmo xeito que ocorre coa Lei galega de emerxencias, non outorgan no desenvolvemento da súa lexislación autonómica, en ningún dos seus artigos, a consideración de axentes da autoridade ao seu persoal profesional.

É dicir, a Lei de Emerxencias desenvolvida por cada Comunidade Autónoma debe outorgar **expresamente esa condición de “axente da autoridade” aos seus bombeiros, sendo requisito necesario para iso que estes sexan funcionarios públicos da devandita comunidade, xa que, segundo recolle o artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público, corresponde exclusivamente aos funcionarios públicos o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos**



intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas.

Polo exposto conclúese que:

- 1.- O Consorcio ten obriga de ditar resolución expresa en relación cos devanditos recursos.
- 2.- Procede admitir a trámite a reclamación ao expediente de aprobación inicial do orzamento e alegacións ao cadro de persoal do Consorcio, interpostas por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza no rexistro xeral na sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, por canto as mesmas foron interpostas en tempo e forma.
- 3.- Procede desestimar as alegacións formuladas e as pretensión contidas nos mesmo en base ás motivacións expostas, e que se concretan:

1. Nin a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia nin nos Estatutos do Consorcio establecen que estes postos deban ser desempeñados por persoal funcionario, logo de que obviaran atribuír ao persoal de extinción de incendios e salvamento a condición de axentes de autoridade, cuxo exercicio debe ser amparado por unha atribución legal. É dicir, a **Lei 5/2007, do 17 de maio, de Emerxencias de Galicia, non recoñece en ningún dos seus artigos como “axentes da autoridade” ao persoal profesional ou voluntario que conforma o sistema integrado de protección civil.**

2. Tanto a Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia coma os Estatutos do Consorcio, contemplan como forma de xestión dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias calquera das modalidades das previstas na lexislación vixente, polo que induce a considerar que **non se recoñece a reserva das funcións de autoridade a favor do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias, que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.**

3. A nivel de competencias, a Lei de Emerxencias desenvolvida por cada Comunidade Autónoma debe outorgar expresamente esa condición de “axente da autoridade” aos seus bombeiros, sendo requisito necesario para iso que estes sexan funcionarios públicos da devandita comunidade, xa que, segundo recolle o artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público, corresponde exclusivamente aos funcionarios públicos o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas.

4. Pódese concluír, por tanto, que o carácter de “axente da autoridade” non se adquire pola condición de “funcionario”; é unha Lei a que debe outorgalo expresamente. Polo tanto, non é



un requisito imprescindible ter a condición de axente da autoridade para desempeñar as funcións propias do persoal do servizo contraincendios e salvamento.

Á vista do que antecede, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva á Presidencia do Consorcio a seguinte proposta de resolución:

1º.- Visto que se admitiu a trámite a reclamación ao expediente de aprobación inicial do orzamento e alegacións á Relación de Postos de Traballo, interpostas por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza no rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, por canto as mesmas foron interpostas en tempo e forma.

2º.- Desestimar as alegacións formuladas e as pretensión contidas no reclamación ao expediente de aprobación inicial do orzamento e alegacións ao Cadro de Persoal interpostas por D. Jesús de Nazaret Rocha Pastoriza, no rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra en base ás motivacións expostas no corpo do informe emitido polo secretario e que forma parte do corpo da presente resolución, e que se concretan en que:

1. A reclamación administrativa presentada non se axusta a ningunha das “causas” reguladas no artigo 170.2º do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que “Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.*
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto a as necesidades para as que estea previsto.”*

2. Nin na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia nin nos Estatutos do Consorcio queda claro que estes postos deban ser desempeñados por persoal funcionario, logo de que obviaran atribuír ao persoal de extinción de incendios e salvamento a condición de axentes de autoridade, cuxo exercicio debe ser amparado por unha atribución legal. É dicir, a Lei 5/2007, do 17 de maio, de Emerxencias de Galicia, non recoñece en ningún dos seus artigos como “axentes da autoridade” ao persoal profesional ou voluntario que conforma o sistema integrado de protección civil.

3. Tanto a Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia coma os Estatutos do



Consortio, contemplan como forma de xestión dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias calquera das modalidades das previstas na lexislación vixente, polo que induce a considerar que **non se recoñece a reserva das funcións de autoridade a favor do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias, que corresponden en exclusiva a funcionarios públicos.**

4. A nivel de competencias, a Lei de Emerxencias desenvolvida por cada Comunidade Autónoma debe outorgar expresamente esa condición de “axente da autoridade” aos seus bombeiros, sendo requisito necesario para iso que estes sexan funcionarios públicos da devandita comunidade, xa que, segundo recolle o artigo 9 do Estatuto Básico do Empregado Público, corresponde exclusivamente aos funcionarios públicos o exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas.

5. **Pódese concluír, por tanto, que o carácter de “axente da autoridade” non se adquire pola condición de “funcionario”; é unha Lei a que debe outorgalo expresamente.** Polo tanto, non é un requisito imprescindible ter a condición de axente da autoridade para desempeñar as funcións propias do persoal do servizo contraincendios e salvamento.

3º.- Ratificar o acordo de aprobación inicial do orzamento deste Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes do Servizo, de data 30 de outubro de 2025, en tódolos seus termos e con elo o acordo da Deputación de aprobación inicial dos orzamentos para o exercicio de 2026, que tivo lugar en sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Pontevedra o día 7 de novembro de 2025, que comprende o orzamento e relación de postos de traballo deste Consorcio do Deza, publicándose dita aprobación inicial no B.O.P de Pontevedra nº 215 de data 10 de novembro do 2025, e para que a dita resolución sexa notificado ao interesado.

4º.- Dar traslado á Deputación Provincial de Pontevedra deste acordo.

Este é o meu parecer sen prexuízo doutro mellor fundado en dereito.

En Silleda, a 12 de decembro de 2025



O Secretario

Asdo.: D. César López Arribas